FICHA 9 LECTURA

## Á praia!



Despois dunha noite de chuvia,
o sol brilla de novo no ceo.
Branca asómase ao balcón.
Parécelle un día precioso para dar
un agradable paseo pola praia.
Por iso corre a espertar a seus pais.

De présa, erguédevos! Se non, cando
cheguemos á praia, vai estar repleta
de xente!

Pero cando chegan ao paseo, abrigados
coma esquimós, contemplan a praia deserta.
É posible que eles sexan os máis valentes do lugar!

1 Que tempo vai cando Branca mira polo balcón? Marca.





2 Que quere Branca? Escolle e copia.



Branca quere nadar no mar.

Branca quere pasear pola praia.

3 Le e responde.

De présa, erguédevos!

- Quen o di?
- A quen llelo di?

4 Arrodea a imaxe correcta.

Os tres van abrigados coma esquimós.





5 Risca a escena que representa algo que non ocorreu.



